

## *Historia de la propiedad en España. Bienes comunales, pasado y presente.*

*II Encuentro Interdisciplinar,*

*Salamanca 31 de mayo-3 de junio de 2000*

**De Dios, Salustiano; Infante, Javier;  
Robledo, Ricardo e Torijano, Eugenia** (coords.)

Madrid, Centro de Estudios Registrales, 2002, pp. 652

traballo conxunto de varias institucións auspiciou a realización en Salamanca deste II Encontro interdisciplinario sobre a historia da propiedade, agora centrado nos bens comunais, cunhas actas que saen á luz. A súa dirección correspondeulle á Área de historia do dereito da Universidade de Salamanca, pois catro dos seus membros son os coordinadores desta nova edición, sen desdénalo apoio prestado por outras entidades como o Ministerio de Educación e Cultura, o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís, a través do Centro de estudos rexistrais, o Rectorado da mencionada Universidade e a súa Facultade de Dereito. A esa pluralidade de patrocinadores, no económico, seguiuille unha pluralidade de visións no material do que dan conta as actas do encontro, en perfecta sintonía co que tiña sido a primeira publicación dedicada á historia da propiedade en España, salientada nesta mesma revista por quen isto escribe<sup>1</sup>.

Porque precisamente o que caracterizou esta arriscada e igualmente exitosa reunión académica é o acertado adxectivo que acompaña ó substantivo «en-

<sup>1</sup> En *Revista Galega de Administración Pública*, 24 (xaneiro-abril, 2000), pp. 241-253.

contro»: a interdisciplinabilidade, isto é, a pluralidade dos enfoques, dos métodos, dos puntos de partida, das visións persoais que se seguen para facer un tratamento minucioso e exhaustivo do obxecto central do debate. Á espera da publicación da terceira entrega (dedicada ó patrimonio cultural, froito dunha nova reunión académica que tivo lugar en Salamanca no ano 2002), o volume que hoxe se comenta presenta tódalas virtudes que tiñamos xa glosado na anterior publicación de 1999: claridade expositiva, brevidade e intensidade nos relatorios, diversidade formativa dos autores, capacidade de complementalas distintas achegas con xente de procedencia dispar, que abarcan desde a historia do dereito ata a historia económica, desde os rexistradores da propiedade e os notarios ata os estudiosos da historiografía social na súa máis ampla acepción. Novamente e antes de nada, cómpre felicitar os impulsores destes eventos que contribúen, sen lugar a dúbidas, a enche-los ocos que certos enfoques científicos e intelectuais excluíntes poden chegar a ocasionar. As boas intencións demostraron sobradamente que é posible rompe-lo illamento metodolóxico para maior gloria da ciencia do Dereito con maiúsculas e da Historia, disciplinas sen lugar a dúbidas máis próximas e afectadas polo obxecto material da publicación.

O tema elixido para desenvolver este novo encontro investigador é acaso un dos máis complexos que se detectan no campo da historia pola propia dificultade intrínseca que a materia presenta, así como polas variadas conexións que se poden observar no seu estudio. Os bens comunais, obxecto dunha xa clásica monografía do profesor Alejandro Nieto, constitúen unha disciplina dotada de substantividade. As súas raíces fúndense en pleno medievo e proxectan a súa influencia aínda na actualidade. Historicamente, como dicimos, esta clase de bens formaron parte insubstituíble dos patrimonios municipais, non obstante os embates da Desamortización de Madoz a mediados do século XIX, polo que é posible achegarse ó seu estudio desde varias perspectivas: a propiamente histórica, local ou xeral, a histórico-xurídica (polo papel ordenador que o dereito xoga na súa formación e posterior consolidación), a administrativa (con especial incidencia no caso das corporacións locais) e demais colaterais, incluso desde disciplinas en principio afastadas coma a ecoloxía ou a xeografía. Bens comunais que aparecen formulados nese texto esencial da historia do dereito nacional que son as Partidas, conceptuados como aqueles bens que

«son del comun de cada una cibdad o villa, las fuentes e plaças o fazen las ferias e los mercados. E los lugares o se ayuntan a concejo, e los arenales que son en las riberas de los ríos, e los otros exidos e las carreras o corren los cavallos, e los montes e las dehesas, e todos los otros lugares semejantes destes que son establecidos e otorgados para pro comunal de cada cibdad o villa o castillo o otro lugar. Ca todo ome que fuere y morador, puede usar de todas estas cosas sobredichas: e son comunales a todos, también a los pobres como a los ricos» (Partida 3, 28, 9).

Este punto de arranque legal sinala os dous caracteres básicos que presentarán no seu devir histórico os bens comunais: é precisamente ese sentimento

de colectividade, tanto na titularidade coma no uso, o que singulariza esta modalidade dominical, con independencia dos exemplos citados a título simplemente indicativo.

O traballo que comentamos pode agruparse en varios bloques temáticos: un primeiro, sobre as orixes desta sorte de bens; o segundo, sobre a súa situación na época moderna, con mencións rexionais varias; e o terceiro, acerca das súas vicisitudes no período constitucional contemporáneo e actual, e existe en todo momento unha gran preocupación polas cuestións históricas que ningún autor deixou esquecer, senón, ó contrario, soubo perfectamente integrar no conxunto das exposicións. Examinaremos agora brevemente o contido dos relatorios presentados.

O encontro iniciouse cun traballo sobre as orixes medievais dos bens comunais dos concellos durante a repoboación, pero os imponderables fixeron imposible a presentación e recollida desta colaboración en concreto. É quizais o único baleiro que se pode detectar no volume comentado pola importancia que presentan para a explicación da xénese dos bens comunais, dado que se debe situar nese momento histórico o instante preciso en que os bens comunais saen á luz mercé á munificencia dos monarcas casteláns que premiaron ós concellos con enormes cantidades de terreo procedentes da Reconquista. A extensión excesiva en moitos casos dos termos municipais determinaron certos comportamentos comunais impulsados polos concellos, de onde arrincarás a importancia daqueles nas economías municipais.

A primeira exposición, feita esta modesta obxección non imputable ós coordinadores, correspóndelle ó profesor Salustiano de Dios, da Universidade de Salamanca, baixo o título «Doctrina jurídica castellana sobre adquisición y enajenación de los bienes de las ciudades (1480-1640)», pp. 13-79, na que facendo uso dunha pluralidade de fontes xurisprudenciais extraídas das obras dos máis célebres xuristas casteláns do momento acoutado (Alonso Díaz de Montalvo, Rodrigo Suárez, Gregorio López, Núñez de Avendaño, Luis de Mexía, Covarrubias, Salón de Paz, Castillo de Bovadilla, Feliciano de Solís, García de Toledo, Gaspar Rodríguez, Velásquez de Avendaño, entre os principais) expón cunha claridade excepcional e grande erudición tódalas cuestións máis relevantes que se tiñan suscitado entre os autores e na práctica xudicial sobre eses tres temas capitais: os modos de adquisición dos bens das cidades (cuestión nada pacífica debido ó papel que o rei xogaba en atención a esa especie de tutela que desempeñaba sobre os pobos), as súas formas de alienación (en principio vedada salvo en casos de necesidade excepcional) e o sempre complexo tema da prescripción (admitida, a pesar do carácter imprescriptible co que se adornaba tradicionalmente esa clase de bens). En todas estas materias, tratadas con sumo detemento, o autor vai desfollando os razoamentos de cada xurista, elaborando comparacións entre as súas reflexións, ó mesmo tempo que advirte ó lector sobre a propia tendencia ou ideoloxía daqueles que poden axudar a explicar as súas conclusións dunha maneira clara. Así, os autores defensores do poder rexio atri-

búenlle ó monarca un peso decisivo en todo este ámbito, mentres que aqueles que actuaban en nome e representación de concellos ou de señores, postulaban solucións diametralmente opostas. O decisivo, como ben advirte o profesor De Dios, é que a traxectoria profesional de moitos dos escritores examinados determinou posterior ou simultaneamente o seu reflexo na práctica xudicial en virtude dos cargos desempeñados en tribunais, audiencia e consellos, co que a teoría e a práctica, tantas veces enfrontadas no mundo do dereito, se dan aquí a man.

A liña seguida, o profesor Gelabert González, da Universidade de Cantabria, especifica o papel esencial que os bens comunais tiveron dentro da fiscalidade xeral do reino de Castela, posto que aqueles foron empregados en boa medida por unha monarquía embarcada en mil e unha empresas, asolada por débedas desde tódolos ángulos posibles. «Fisco real y fiscos municipales en Castilla (siglos XVI-XVII)», pp. 81-99, detense neste tema apaixonante e nas modalidades de intervención económica ideadas pola coroa para custear-las necesidades financeiras endémicas dun territorio con fronteas bélicas abertas en todo o mundo, decisións que tiveron como principais afectados ás vilas e municipios a través de dúas actividades: as vendas de oficios e as de baldíos.

A profesora Lourdes Sesé Soria explica, tendo en conta a singularidade xurídica de cada territorio, o acontecido cos bens comunais en Navarra e nas provincias vascas, territorios onde hoxe en día aínda xogan un papel decisivo esta clase de propiedades municipais. O seu relatorio leva por título «Bienes comunales en Navarra y las Provincias Vascas» (siglos XVI-XVIII)», pp. 101-137. Dous aspectos deben destacarse: primeiramente, a disparidade de bens en función das condicións xeográficas de cada territorio; en segundo lugar, o réxime xurídico especial que tanto o reino navarro coma as provincias vascas presentaban, que se traduce na existencia dalgunhas modalidades especiais como a «comunidade de proindiviso» ou as «parzonerías». O exame realizado ademais conta con algúns exemplos de preitos sostidos por algúns pobos coa coroa e unhas interesantes reflexións sobre o problema das usurpacións de bens comunais nas que a responsabilidade se repartía moitas veces entre tódolos suxeitos implicados (usurpador, concello e coroa).

Nunha época en que se fala con claridade do «neoliberalismo» e dos seus perigos, son de agradecer-las reflexións que seguen no traballo acerca da propiedade comunal. Unha visión desmitificada acerca dos perigos e desastres tradicionalmente atribuídos a aquela é aportada polo profesor da Universidade de Zaragoza, José Ramón Moreno Fernández («La lógica comunal en Castilla en la Edad Moderna: avances y retrocesos de la propiedad común», pp. 139-177), na cal se observa acertadamente que a, en certo modo, satanización das formas de propiedade colectiva realizada polo pensamento liberal do século XIX estaba lonxe de ser unha verdade comprobable e absoluta. Pola contra, en certas zonas de Castela demostrouse que había unha alta rendibilidade económica, unha importante función desde o punto de vista fiscal, unha loable homoxeneización

social e non eran territorios expostos en todo caso á depredación dos poderosos. Nin social, nin económica, nin fiscalmente a propiedade colectiva foi o fracaso que se tratou de deseñar de forma tradicional, senón que houbo moitas situacións positivas no seu favor. O autor dá unha xustificación na liña apuntada: trátase de todo un complot ideolóxico que tivo como fautores a certas figuras do pensamento liberal, apóstolos da sagrada propiedade individual, allea a calquera reminiscencia colectivista.

Os profesores Mariano Peset e Pilar Hernando Serra, da Universidade de Valencia, ocúpase da distinción entre «Comunales y Propios en Valencia», pp. 179-209, onde realizan unha brillante exposición das fontes existentes nese antigo reino sobre o particular (destacando a consulta de arquivos municipais e de expedientes da época da desamortización) e as súas principais manifestacións que se deron en diferentes concellos, cunha aguda visión histórica que os leva a citar numerosos privilexios medievais, pasando polas reformas borbónicas e desembocando na desamortización. Os autores destacan a disparidade de criterios que se seguiron ó contrapoñe-la lexislación castelá das Partidas co que tiña sido a práctica valenciana tradicional, que se traduce en réximes xurídicos distintos e en obxectos diferentes ós que se aplicaban os conceptos de comunal e de propio. O mesmo fai Carmen Muñoz de Bustillo para o caso de Xérez («Las tierras de Jérez. Suerte de sus usos y aprovechamientos comunales», pp. 211-255), seguindo o itinerario vital dunha importante comunidade dominical alí radicada que paulatinamente foi reducindo a súa extensión.

Alejandro Nieto explica con detemento a mal chamada «política agraria» dos Borbóns, criticando a propia denominación que el non admite posto que entende que non existiu unha planificación global da agricultura por parte de Carlos III e dos seus ministros, senón algunhas ideas illadas, que se levaron á práctica con certas doses de improvisación e espontaneidade. Ocúpase con especial detemento da pretendida reforma agraria, da que analiza algunhas mostras, como son as colonizacións interiores (lémbrense os esforzos de Olavide en Andalucía), os repartimentos ou a nova regulación dos arrendamentos. O estudio complétese cunha comparación coa reforma agraria liberal e da superposición material que se deu na práctica entre ámbalas actividades reformistas («Desamortización ilustrada y desamortización liberal», pp. 257-290), ningunha das cales chegou a callar plenamente en prexuízo dos habitantes do rural dedicados maioritariamente a prácticas agrícolas que se viron totalmente desasistidos, sen voz nin opinión na defensa dos seus intereses.

Continúase máis adiante coas visións locais, indispensables de todos modos para poder erixir coas súas achegas unha visión xeral: Rosa Congost trata de responder á cuestión da existencia ou non de bens comunais en Cataluña («Comunales sin Historia. La Catalunya de los masos o los problemas de una Historia sin comunales», pp. 291-328); José María Pérez Collados ocúpase da situación das propiedades pertencentes ás comunidades indíxenas no México da Independencia, aínda que con referencias á herdanza colonial hispánica e incluso

prehispánica, necesario punto de partida para o estudio do dereito de tódalas nacións do Novo Continente («Las tierras comunales en los pueblos de indios y su trayectoria en el México independiente», pp. 329-390); e Eloy Colom Piazuelo ofrece a súa visión de administrativista no caso aragonés e as súas implicacións xurídico-públicas («El proceso de formación de la noción de bien comunal y sus consecuencias: los aprovechamientos vecinales en Aragón», pp. 391-427).

Dentro do que tradicionalmente teñen sido considerados os bens comunais, destacan por riba de todo os montes públicos, pola súa transcendencia económica sen comparación posible por riba de calquera outro recurso ou aproveitamento, que son obxecto de dúas reflexións: a primeira, realizada polo Grupo de estudos de historia rural, formado por profesores de diversas universidades españolas, explica de maneira xeral a lexislación sobre o particular no seu relatorio «Propiedad y usos de los montes públicos en España (1855-1925)», pp. 429-450, marcada polos intentos de privatización de cada vez maiores superficies e incluso dos seus aproveitamentos. Pola súa parte, o profesor Xesús Balboa López singulariza o caso galego facendo referencia ós montes veciñais, institución tipicamente galega de orixe consuetudinaria e xurisprudencial, e a súa peculiar singradura histórica que tivo que facer fronte a numerosos combates contra inimigos do máis dispar, desde a propia desamortización ata a tendencia individualista auspiciada polo poder público: «Al margen de la ley. La defensa de los montes vecinales de Galicia (1848-1968)», pp. 451-491.

Os profesores González de Molina, Ortega Santos e Herrera González de Molina, da Universidade de Granada, manteñen a interdisciplinabilidade da reunión académica e amósannos as implicacións ecolóxicas dos bens comunais, no seu relatorio «Bienes comunales desde la perspectiva socioambiental», pp. 493-532, con acertadas reflexións sobre o pasado e o futuro que espera a esta especie de propiedade e ás formas de usala e gozala.

Javier Infante e Eugenia Torijano fannos volver ó recanto xurídico ó examínaren polo miúdo a xurisprudencia xerada na segunda metade do século XIX polo Tribunal Supremo a propósito da forma de compatibiliza-los aproveitamentos comúns e a nova propiedade individual preconizada polo liberalismo: «Aprovechamientos comunales y propiedad individual. Un estudio sobre la jurisprudencia del Tribunal Supremo (1854-1900)», pp. 533-571, é o título do seu traballo no que se examinan os litixios substanciados ante o alto tribunal e os principais motivos polos que se acudía a el en casación. Mostra con claridade o enfrontamento entre esas dúas concepcións radicalmente opostas. O seu complemento atópase no estudio seguinte de Carlos J. Maluquer, catedrático de dereito civil, que se ocupa da xurisprudencia producida trala publicación do Código civil e ata os nosos días con especial referencia á Constitución de 1978: «La consideración de los bienes comunales por la jurisprudencia a partir de la publicación del Código Civil», pp. 573-597.

O rexistrador da propiedade Juan María Díaz de Fraile expón «La relación de los bienes comunales y de dominio público con el Registro de la Propiedad», pp.

599-626, onde se explica brillantemente tan complexa materia coa necesaria comparación entre ámbalas dúas categorías de bens e os seus caracteres intrínsecos.

Finalmente, recóllense dous artigos a modo de resumo e de proxección do contido do encontro realizados por dous historiadores agrarios: Iñaki Iriarte Goñi e o seu traballo «Las tierras comunales en España (1800-1995): pervivencia, cambio y adaptación», pp. 627-631, e Antonio López Estudillo, coa colaboración «Prácticas comunales y patrimonio público en la Historia», pp. 633-652.

En suma, trátase unha nova e valiosa contribución ó campo da historia do dereito de propiedade, feita con rigor, seriedade e esa pluralidade de voces que teñen permitido abarcar tódolos asuntos esenciais do tema elixido. Esperemos que a nova publicación sobre o patrimonio histórico cumpra con idénticos obxectivos e satisfaga da mesma maneira ós historiadores, xuristas e estudiosos en xeral desta apaixonante cuestión. A nosa máis sincera felicitación ós impulsores desta brillante iniciativa.

**Faustino Martínez Martínez**

*Área de historia do dereito e das institucións  
Universidade de Santiago de Compostela*